

IDRISSA

Xavier Artigas, Xapo Ortega, 2018

608

ESTREA EN NUMAX: 28.11.2019 | V.O.S.E. | +7

Idrissa, crònica d'una mort qualsevol (2018, 94')

Dirección: Xavier Artigas, Xapo Ortega

Guión: Xavier Artigas, Xapo Ortega

Son: Juan Segura

Música: Filastine

Montaxe: Pablo Gil

Fotografía: Lucía Venero

Produtora: Metromuster, Polar Star Films (España)

Distribuidora: Polar Star Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Inglés

Premios e festivais: Sevilla 2018 (Sección Oficial)

FILMOGRAFÍA

Tarajal, 2016

Ciutat morta, 2014

SINOPSE

O guineano Idrissa Diallo, de 21 anos, faleceu nunha cela dun Centro de Internamento de Estranxeiros de Barcelona. Un feito do que ninguén se fixo responsábel, que se pretendeu silenciar e co que neste filme se constrúe un relato colectivo tan sangrante como esperanzador. Pouco ou nada sabemos dos miles de migrantes que viven nas nosas cidades. Se as novas sobre o caso do manteiro senegalés Mame Mbaye abiron unha fiestra a esas vidas, Idrissa vai un paso alén: non se trata só de contar unha historia, senón do uso efectivo do cinema como ferramenta de acción e cambio.

«A película tamén se convirte nun cortexo fúnebre: posibilita, acompaña e fainos partícipes do funeral de Idrissa na súa aldea en Guinea. O cinema como reparación»

Eulália Iglesias, TIME OUT BARCELONA



“Idrissa tería sido posto nunha oseira, nunha fosa común, se non interviñeramos”

Entrevista con Xavier Artigas e Xapo Ortega

O guineano Idrissa Diallo, de 21 anos, morreu no CIE da Zona Franca de Barcelona en xaneiro de 2012 e tería sido «unha morte calquera» se un documental non a tivera contado, así como o seu enterro en África anos despois, e concursara no Festival de Sevilla. *Idrissa, crónica de una muerte cualquiera* é o documental de 94 minutos co que, na sección oficial a concurso do Festival de Cinema Europeo, os seus directores, Xavier Artigas e Xapo Ortega, autores de *Ciutat morta*, pretenden denunciar tanto aquela morte «en estrañas circunstancias» como a lexislación de estranxeiría española e a existencia dos propios CIE.

Tamén aspiran a poñer diante dos ollos da sociedade española o enterro de Idrissa no seu país, rodeado das persoas que sempre se interesaron por el, unha cerimonia que estivo preto de non producirse, xa que foi o equipo do documental o que atopou o seu corpo nun nicho anónimo e fixo posible a súa repatriación.

Artigas e Ortega aseguraron que o equipo do documental fixo «o que lle correspondía ao Estado español», como informar á familia de Diallo da súa morte, localizar o seu corpo e repatrialo ao seu país para entregalo á súa familia, un proceso que, precisamente, conta este filme. A película divídese en dúas partes: a etapa de investigación sobre a morte de Idrissa e o paradoiro do seu corpo, e a viaxe a Guinea Conakri, lugar de orixe de Idrissa, para o seu enterramento.

Artigas asegurou que inicialmente pretenderon facer un filme como o anterior, *Ciutat morta*, no que ofrecían «unha verdade alternativa» á verdade oficial sobre os sucesos durante a ocupación dun cinema abandonado en Barcelona, pero «foi imposible desmontar nada pola opacidade total do caso».

Idrissa morreu «en estrañas circunstancias, privado de liberdade e custodiado pola Policía Nacional», a autopsia non revelou «nada destacábel», non se amosaron as imaxes das cámaras de seguridade do centro, non había atención médica nin tradutores e houbo que esperar unha segunda ambulancia, entre outras circunstancias. «Da frustración de non poder pescudar nada pasamos á acción; avisamos á familia e repatriamos o corpo nun proceso que chamamos de ‘violencia burocrática’ porque o Estado ten obsesión por devolver os inmigrantes ao seu país, pero unha vez mortos é todo o contrario», sinalou Artigas. «Tería sido posto nunha oseira, nunha fosa común se non interviñeramos», engadiu ao lembrar que o nicho no que se depositou o corpo de

Idrissa só tiña un número, nin o seu nome, nin a súa procedencia «nin unha pista que axudase á súa familia a localizalo».

Ortega e Artigas consideran o cinema como «unha ferramenta de cambio social», é un medio que «desencadea debates públicos» e que posúe a capacidade de «atravesar o espectador» cunha intensidade que non ten outras formas de arte.

Fragmento dunha entrevista de EFE (novembro de 2018)
Traducción: Olalla Cociña

Os directores

XAVIER ARTIGAS é sociólogo e artista visual, empeza a súa carreira cinematográfica en 2008 como colaborador de cineastas como Mercedes Álvarez e Ricardo Íscar. En 2012 dirixe e produce a súa primeira longa, *[NO-RES], vida y muerte de un espacio en tres actos*, e gaña o primeiro premio do Documenta Madrid 2012 (mellor longa nacional). É fundador xunto con Xapo Ortega da produtora independente METROMUSTER.

XAPO ORTEGA desenvolveu a súa carreira profesional ao redor da arquitectura e o deseño gráfico. A partir de 2004 crea o seu propio estudio, setdos.com, onde desenvolve proxectos gráficos colaborando con arquitectos como Carles Ferrater, Benedetta Tagliabue, David Chipperfeld, José Luis Mateo e con estudos como b720 ou Fuses-Viader arquitectos, entre outros. Participou no nacemento do festival Primavera Sound e outros proxectos musicais. Colabora con diferentes colectivos vinculados aos movementos sociais de Barcelona, xerando material videográfico de denuncia social e política.

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que agardas para abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

